

**1. XI CONGRESO NACIONAL DA AVOGACÍA: VITORIA 6, 7 E 8 DE MAIO**

Entre os días 6 e 8 de maio terá lugar en Vitoria o XI Congreso Nacional da Avogacía. A Xunta de Goberno do Colexio, na sesión do 25.02.2015, acordou conceder 15 bolsas por un importe de 390 € para cubrir os gastos de inscrición neste congreso. Estas bolsas están dirixidas a colexiados exercentes residentes que estean interesados en asistir a estas xornadas.

A solicitude de bolsa realizarase por escrito e concederase segundo a orde rigorosa de presentación. Coa solicitude deberá achegarse necesariamente o xustificante da inscrición no congreso. As bolsas concedidas serán aboadas unha vez que se xustifique a asistencia ao congreso.

Núm. de bolsas: 15

Importe: 390 € por bolsa

Solicitude: por escrito e co xustificante da inscrición

Aboamento: tras xustificar a asistencia ao congreso

Máis información: www.abogacia.es

Inscrición: <http://www.inscripcionweb.net/congreso2015/>

2. CONFERENCIA: A REFORMA DA REGULACIÓN PROCESUAL DA PROBA TECNOLÓXICA E A INTERVENCIÓN DAS COMUNICACIÓNS TELEFÓNICAS E TELEMÁTICAS

O CIARCUS e o Departamento de Dereito Procesual da USC ofrecerán a conferencia “A reforma da regulación procesual da proba tecnolóxica e a intervención das comunicacións telefónicas e telemáticas, que será pronunciada por don José Manuel Maza Martín o vindeiro 16 de marzo na sala de xuntas anexa ao decanato da facultade de Dereito.

Día: luns, 16 de marzo

Hora: 11.00 h

Lugar: sala de xuntas (anexa ao decanato da facultade de Dereito)

Relator: José Manuel Maza Martín (maxistrado da Sala II do Tribunal Supremo)

Moderador: Ángel Pantín Reigada (maxistrado da Sección 6ª da AP da Corña)

3. II CURSO PRÁCTICO SOBRE HONORARIOS PROFESIONAIS EN TAXACIÓN DE CUSTAS

Xa están cubertas as 50 primeiras prazas para participar no curso práctico sobre honorarios do día 11 de marzo. Debido á demanda existente, seguiranse recibindo solicitudes para que os colexiados interesados poidan participar nunha **nova edición que terá lugar o 24 de marzo**.

2ª edición: martes, 24 de marzo

Hora: 19.00 h

Lugar: aula de formación do Colexio

Matrícula: gratuíta para colexiados/as exercentes

Prazo de inscrición: ata o 10 de marzo

Impartición: Manuel Arza Galán, secretario técnico do ICA de Santiago

Dirixido a: colexiados/as exercentes; en especial, novos colexiados ou que non asistisen ao curso impartido no 2012.

Programa: segundo o detallado na circular 5/2015